

DECRETO

Ilmo. Sr. D. Javier Vázquez Prado, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Cultura, Educación, Deportes, Infancia e Xuventude.

Instruído o expediente relativo a: **APROBACIÓN DAS BASES DO CONCURSO DO CARTEL DE SAN FROILÁN MIÚDO 2026.**

Vista a proposta do Xefe de Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, obrante no expediente, na parte expositiva do cal se fai constalo seguinte:

"INFORME PROPOSTA DO SERVIZO DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA.

ASUNTO: APROBACIÓN DAS BASES DO CONCURSO DO CARTEL DE SAN FROILÁN MIÚDO 2026.

A Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo, conforme ás competencias establecidas no Art. 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, co fin de elixir o cartel anunciador das festas patronais de San Froilán, convoca o CONCURSO DE DESEÑO GRÁFICO "SAN FROILÁN MIÚDO 2026", de acordo coas súas bases reguladoras.

Tendo en conta o informe da Tesourería Municipal sobre existencia de consignación orzamentaria por importe de 300,00 euros no RC 45846/2026 (Partida orzamentaria 33801.48101) do vixente orzamento municipal, previa a fiscalización correspondente, a aprobación polo órgano correspondente.

Conforme ao anterior, este Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua estima conveniente elevar a proposta relativa á convocatoria e bases reguladoras do Concurso do cartel do San Froilán Miúdo 2026, que se recollen de seguido, para súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, mediante a correspondente resolución.

Por dito motivo, en virtude das atribucións que lle confiren á Alcaldía e a Xunta de Goberno Local os artigos 124 e 127 respectivamente da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, atribucións delegadas segundo acordo da Xunta de Goberno Local núm. 40/607, do 26/07/2023 e Decreto núm. 4003/2026 do 12/05/2026 na súas actuais redaccións, **PROPONSE** para a súa aprobación tenente de alcalde titular da Área, mediante a correspondente resolución:

PRIMEIRO.- Aprobar a convocatoria do Concurso do cartel do San Froilán Miúdo 2026.

SEGUNDO.- Aprobar as bases reguladoras do Concurso do cartel do San Froilán Miúdo 2026 que seguidamente se transcriben:

A Área de Cultura do Concello de Lugo, conforme ás competencias establecidas no Art. 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, co fin de elixir o cartel anunciador das festas patronais SAN FROILÁN 2026, convoca o PREMIO DE DESEÑO GRÁFICO "SAN FROILÁN MIÚDO 2026", de acordo coas seguintes

BASES:

Primeira. *Obxecto, participantes e réxime xurídico.*

1. O concurso de deseño gráfico do Cartel de San Froilán Miúdo 2026 ten por obxecto obter un deseño que contribúa a enxalzar a cidade de Lugo e as súas festas patronais de San Froilán. Os deseños deberán incluír o texto:

LUGO, SAN FROILÁN MIÚDO 2026

O deseño gañador será empregado como cartel anunciador do "San Froilán Miúdo 2026", e o Concello de Lugo poderá reproducilo no tempo e forma que estime oportuno.

A gañadora ou gañador deberalle facilitar ao Concello, nos prazos que este indique, o arquivo orixinal e/ou por capas (no caso de que se fixese o deseño en dixital) para a promoción, comunicación e sinalización do evento, así como canta documentación, bosquexos ou xustificación sexa solicitada para constatar que os deseños foron realizados polo autor ou autora evitando o uso de intelixencia artificial.

O Concello resérvase a potestade de solicitar a subsanación sobre o cartel gañador de pequenas erratas, erros ou falla dalgunha información obrigatoria. Polo tanto, no caso de producirse dita situación non implica a eliminación automática da proposta ata que a organización, en función da gravidade, decida qué facer coa proposta.

O cartel gañador será propiedade do Concello, que poderá cedelo a terceiros. As autoras ou autores renuncian a todos os dereitos de explotación, unicamente conservarán os dereitos de autoría para incluílo no seu currículo.

2. Poderán concorrer cantas rapazas e rapaces o desexen, menores de 15 anos, con traballos de técnica libre, presentando cada persoa cantas obras considere oportunas, sendo condición indispensable que as obras sexan orixinais, obrigándose a retiralas no caso de que obtiveran algún premio ou galardón para esa mesma obra con carácter previo.

Non poderán acceder a estes premios as persoas participantes que se atopen afectados (ou no seu caso os seus representantes legais) por algunha das circunstancias previstas nos artigos 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Tampouco poderán acceder os familiares ata 2º grao das persoas integrantes do xurado.

3. A concesión dos premios rexerase por estas bases, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e, subsidiariamente, pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de subvencións.

Segunda. Dotación e imputación orzamentaria.

1. A autora ou autor do deseño que resulte gañador recibirá un premio dotado con 300,00 €.
2. Estas cantidades serán imputadas aos orzamentos xerais do Concello de Lugo para o exercicio 2026 con cargo á aplicación orzamentaria de Cultura, das festas de San Froilán e o concepto de premios 33801.48101 e estarán suxeitas ao tratamento fiscal en vigor no momento da concesión.

Terceira. Características dos deseños.

1. Os deseños presentaranse en formato impreso ou dixital JPG, cunhas dimensións mínimas dun DIN A-4 (21 x 29,70 cm.) e con 72 ppp de resolución (1417x1984 píxeles).
2. Queda prohibido o uso de tecnoloxías de intelixencia artificial para a elaboración dos deseños.

Cuarta. Forma, lugar e prazo de presentación das solicitudes.

1. As solicitudes presentaranse coa indicación CARTEL SAN FROILÁN MIÚDO 2026 dun dos seguintes modos:
 - A través da páxina web do Concello de Lugo - Sede Electrónica - Servizos da Sede - Rexistro Telemático (lugo.gal/portal/tramites/X100).
 - No Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo (Ronda da Muralla, 197, 27002 Lugo), en horario das 9 ás 14 horas (de luns a venres) ou enviadas por calquera outro medio dos indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
2. O prazo para a presentación das solicitudes será de quince días hábiles contado a partir do día seguinte ao da publicación do extracto das bases no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo*. Non se admitirán obras enviadas pasado ese día.

3. As solicitudes subscribiranas directamente as persoas interesadas con plena capacidade de obrar ou, se é o caso, os/as representantes legais das persoas solicitantes.

As obras presentadas fóra do prazo anteriormente establecido non serán admitidas na presente convocatoria.

A relación de obras presentadas a concurso, identificadas polo seu lema, será publicada no Taboleiro de Anuncios do Concello, indicando no seu caso as admitidas e excluídas, así como as súas causas e, no seu caso, os prazos de subsanación conforme ao artigo 68 da LPACAP.

Quinta. Modo de presentación e documentación complementaria.

Os traballos deberán ser presentados de xeito anónimo, identificándoos cun lema. En documentos á parte do cartel, acompañará:

1. Plica, identificada co mesmo lema có cartel, que conterá todos os datos persoais da autora ou autor: nome, apelidos, enderezo completo, correo-e e teléfono. Figura como Anexo A destas bases.
2. Copia escaneada do DNI ou equivalente.
3. Declaración xurada que figura no Anexo I destas bases. É necesario que este documento estea asinado.

Co obxecto de preservar a identidade das autoras ou autores durante o proceso de deliberación, estes documentos identificativos non serán enviados ao xurado, sendo custodiados polo persoal do Servizo de Cultura, que con posterioridade ao ditame incorporará os datos da persoa gañadora na resolución adoptada polo órgano competente.

A organización resérvase o dereito de exclusión das obras nos seguintes casos:

- Cando se incumpran un ou varios puntos destas bases.
- Cando a participación se faga empregando datos falsos ou haxa indicios de que o son, se a persoa non verifica os seus datos no prazo outorgado.
- Cando os carteis presentados non se axusten ao tema do concurso.
- Cando se detecte que nalgún cartel se utilizan imaxes de xeito total ou parcial das que sexa evidente que a persoa que concursa non posúe os dereitos de autoría.
- Cando utilicen imaxes que atenten contra a dignidade das persoas, institucións, ...
- Co fin de promocionar o talento das persoas, non se aceptarán os deseños realizados total ou parcialmente con intelixencia artificial.

Sexta. Xurado.

As obras presentadas someteranse á decisión do xurado.

O xurado deliberante estará formado por tres persoas competentes na materia, de recoñecido prestixio e vinculadas coas artes plásticas, a ilustración, o deseño gráfico e/ou sectores relevantes do eido da cultura da propia celebración da festa do San Froilán, designadas polo Concelleiro de Cultura do Concello de Lugo. Ditos membros actuarán como vogais con voz e voto, sendo nomeados con carácter previo á celebración do concurso mediante resolución que será publicada no Taboleiro de Anuncios do Concello.

O xurado estará integrado así mesmo polo Ilmo. Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Cultura en calidade de presidente; o persoal do Servizo de Cultura realizará as funcións de secretaría, ambos sen voz nin voto.

Sétima. Criterios de valoración.

O xurado fará unha listaxe dos deseños presentados por orde de puntuación, tendo en conta os criterios de valoración seguintes:

- Deseño e composición estética.
- Orixinalidade.
- Creatividade.
- Calidade.

a) Deseño e composición estética: ata 30 puntos.

Inclúese neste criterio o impacto visual (capacidade do cartel para atraer a atención, a forza expresiva e creatividade), a composición e equilibrio (distribución harmoniosa dos elementos gráficos e textuais; uso adecuado do espazo, das liñas, formas e simetría/asimetría), uso da cor (harmonía cromática, emprego expresivo e adecuado da cor en relación coa mensaxe), tipografía (lexibilidade e integración da tipografía no deseño, elección de fontes coherentes coa temática), coherencia estética coa temática (relación entre o deseño visual e o tema do cartel, capacidade para comunicar visualmente a mensaxe principal) o feito de espertar emocións, así como outros elementos que, debidamente motivados polo xurado, se integren no dito criterio.

b) Orixinalidade: ata 30 puntos.

Inclúese neste criterio o feito de tratar un tema novo (a proposta é única e destaca fronte a outras, evita copiar estilos ou ideas comúns), facer o deseño desde unha perspectiva diferente, utilizar motivos inesperados ou ter unha solución de conxunto sorprendente, así como outros elementos que, debidamente motivados polo xurado, se integren no dito criterio.

c) Creatividade: ata 20 puntos.

Inclúese neste criterio o grao de novidade da idea, a súa singularidade e capacidade para achegar unha visión diferente ou pouco convencional así como

outros elementos que, debidamente motivados polo xurado, se integren no dito criterio.

d) Calidade técnica: ata 20 puntos.

Inclúese neste criterio o feito de que a execución técnica sexa impecable, destreza no uso das ferramentas e técnicas de deseño gráfico (tanto en formato dixital coma físico, dependendo como se elixa), así como outros elementos relacionados debidamente motivados polo xurado.

Oitava. Resolución, aceptación e cesión de dereitos.

Nun prazo máximo de dez días dende a publicación da resolución que aprobe a relación definitiva de admitidos e excluídos, o xurado formulará unha proposta de concesión, da que levantará a correspondente acta, que será asinada por todos os membros do xurado, en base aos criterios de valoración establecidos na presente convocatoria e que se recollerá na resolución do órgano competente. O xurado pode propoñer declarar deserto o premio no caso de que, ao seu xuízo, non se acade unha calidade mínima nas propostas presentadas.

As persoas participantes someteranse á decisión do xurado, que elaborará a súa proposta formulada en base aos criterios de avaliación previamente establecidos e que se recollerán na correspondente acta das valoracións na que se propoñerán os/as gañadores/as.

A resolución da concesión do premio que recolle o ditame do xurado darase a coñecer nos días seguintes e será publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na páxina web do Concello de Lugo (<http://concellodelugo.gal>), nas redes sociais desta Área e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) conforme ao disposto no artigo 18 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, indicando os recursos que contra a mesma se poderán interpoñer.

O xurado resolverá sobre calquera dúbida da súa competencia, sen prexuízo dos recursos que procedan. Para calquera consulta sobre algún pormenor da actividade, deberán poñerse en contacto co Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua nos teléfonos 982 297 212 / 216 /217/ 106 / 334 ou no correo- e cultura@lugo.gal

No caso de facerse unha entrega pública, a gañadora ou gañador do certame comprométese a recoller persoalmente o premio ou facerse representar debidamente no acto.

As persoas participantes responsabilízanse totalmente de que non existen dereitos de terceiros nas obras presentadas.

Os carteis premiados quedarán en propiedade e uso exclusivo do Concello de Lugo. As e os autores cederanlle á institución os dereitos totais de exhibición e reprodución das obras premiadas.

As persoas gañadoras dan o seu consentimento para que o seu nome apareza nos materiais informativos e promocionais, xa sexan impresos ou dixitais do Concello de Lugo. Co fin de poder levar a cabo cantas accións promocionais e de difusión do concurso que considere necesarias a organización, todas as persoas participantes cederanlle ao Concello de Lugo, con carácter gratuíto, os dereitos de reprodución e comunicación pública das obras presentadas ao concurso. A cesión dos dereitos permitiralle ao Concello de Lugo transformar as obras tecnicamente na medida en que será necesaria para adecualas ao formato, imaxe ou aparencia de Internet ou calquera outra tecnoloxía susceptible de adscrición a Internet, así como a reproducilas nos soportes físicos que se consideren convenientes.

Novena. *Pagamento dos premios.*

1. Os premios outorgados serán aboados mediante transferencia bancaria con cargo ao exercicio económico 2026.
2. A persoa participante que obteña o premio ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, para o exercicio das funcións de fiscalización e control que lle competen, segundo dispón o artigo 14.1.k) da Lei 9/2007, do 3 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décima. *Aceptación das bases, publicación e recursos.*

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases, que serán publicadas no Boletín Oficial da provincia de Lugo, na páxina web do Concello de Lugo (<http://concellodelugo.gal>), nas redes sociais desta Área e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) conforme ao disposto no artigo 18 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela caberá a interposición dos seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados dende o día seguinte ó da súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo*, ante o Xulgado de dita xurisdición de Lugo (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa), así como as demais accións legais que estime pertinentes.
- Malia o anterior, e con carácter previo, poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante a Alcaldía / Xunta de Goberno (resolvendo a Alcaldía ou a Xunta de Goberno Local, segundo a atribución

delegada) e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo*.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do devandito recurso de reposición (artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

(*) Imaxe corporativa do Concello:



ANEXO I
DECLARACIÓN XURADA REPRESENTANTE DA/DO MENOR
CONCURSO CARTEL SAN FROILÁN MIÚDO 2026
CONCELLO DE LUGO

Dona/Don....., con
DNI..... como representante da autora ou autor da/s obra/s
titulada/s:
.....

DECLARO

1. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
- 2.- Que o cartel ou carteis presentados ao concurso son inéditos, o seu deseño é orixinal e é da autoría do/da menor ao/á que represento.
- 3.- Que non se recibiron outros premios ou distincións pola participación noutros concursos de similares características, obrigándome á súa comunicación e retirada no caso de obter algún premio ou galardón para esa mesma obra con carácter previo á resolución deste concurso.

4.- Que a quen represento é a única persoa titular dos dereitos de autoría do cartel e que me fago responsable de calquera tipo de reclamación e eximo ao Concello de Lugo da devandita responsabilidade.

5.- Que se está ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como no cumprimento dos requisitos esixibles para obter a condición de beneficiaria/o, no seu caso, do premio que puidera corresponder, comprometéndose a manter esta situación durante todo o tempo da tramitación do expediente e do dereito á cobranza, e a súa acreditación ante o Concello cando se requira, quedando na obriga de comunicar calquera variación desta situación.

6.- Que non se incorre en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións nin en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos puntos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

7.- Que se aceptan as bases ou normas reguladoras da presente convocatoria.

..... de de 2026.

REPRESENTANTE DA/DO MENOR"

TERCEIRO.- Aprobar o gasto de 300,00 euros con cargo á partida 33801.48101, RC 45846/2026 do vixente orzamento municipal.

CUARTO.- Dar publicidade das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na páxina web do Concello de Lugo (<http://concellodelugo.gal>), nas redes sociais desta Área e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) conforme ao disposto no artigo 18 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

QUINTO.- Dar traslado deste acordo, o cal pon fin á vía administrativa, ás dependencias e servizos municipais afectados, coa indicación de que contra el caberá a interposición dos recursos correspondentes.

É canto procede informar."

Así mesmo, consta informe do Servizo de Intervención Xeral Municipal nº 1160/2026 de data 04/08/2026, no que manifesta como resultado da fiscalización previa limitada: "O expediente reúne os requisitos mínimos establecidos para a fiscalización limitada no expediente emitíndose informe favorable en relación exclusivamente cos extremos analizados."

En virtude das atribucións que lle confiren á Alcaldía e a Xunta de Goberno Local os artigos 124 e 127 respectivamente da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, atribucións delegadas segundo acordo da Xunta de Goberno Local núm. 40/607, de 26/7/2023 nas súas actuais redaccións e Decreto núm. 4003/2026 de 12/05/2026, e acordo núm. 6/316 do 27/07/2026, de delegación de competencias para resolución dos expedientes dos concursos de deseño gráfico do cartel de SF Miúdo e de Adultos,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a convocatoria do Concurso do cartel do San Froilán Miúdo 2026.

SEGUNDO.- Aprobar as bases reguladoras do Concurso do cartel do San Froilán Miúdo 2026.

TERCEIRO.- Aprobar o gasto de 300,00 euros con cargo á partida 33801.48101, RC 45846/2026 do vixente orzamento municipal.

CUARTO.- Dar publicidade das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na páxina web do Concello de Lugo (<http://concellodelugo.gal>), nas redes sociais desta Área e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) conforme ao disposto no artigo 18 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

QUINTO.- A presente resolución, que pon fin á vía administrativa, deberáselles notificar ós/ás interesados/as e contra ela pódense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados dende o día seguinte ó da notificación do presente acto, ante o Xulgado de dita xurisdición de Lugo (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa), así como as demais accións legais que estime pertinentes.

- Malia o anterior, e con carácter previo, poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante a Alcaldía / Xunta de Goberno (resolvendo a Alcaldía ou a Xunta de Goberno Local, segundo a atribución delegada) e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ao da notificación do presente acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se

produza a desestimación presunta do devandito recurso de reposición (artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións publicas).

Así mesmo, déaselle traslado ás dependencias e aos servizos municipais afectados.

Cúmprase.